

Boletín CAIA 03

setembro 2023



A Plataforma de Infancia celebra a publicación do Proxecto de Observación Xeral N.º26 sobre os dereitos do neno e o medio ambiente

A Observación Xeral N.º 26 é unha guía autorizada sobre como os dereitos do neno se ven afectados pola crisis medioambiental e que deben facer os gobernos para defender estes dereitos e garantir que os nenos e as nenas vivan nun mundo limpo, sa e sostible. [+máis](#)

Guía sobre el nuevo complemento a la infancia en el Ingreso Mínimo Vital



Complemento de axuda para a infancia do IMV Ingreso Mínimo Vital

As familias que son perceptoras do Ingreso Mínimo Vital (IMV) ou que teñen unha renda baixa, agora poden pedir o complemento por ter menores a cargo. [+ Descarga a guía](#)



O xogo infantil hoxe, “restrinxido, inactivo, en interiores e organizado polos adultos”

Este artigo fala sobre o dereito a xogar que teñen os nenos e nenas, como este debe de ser libre e inclusivo.

“Ter un espazo seguro preto de casa onde xogar con liberdade supón garantir un aceso democrático a moitos aspectos importantes para a infancia” [+máis](#)



Observación General

Derechos del niño, medio ambiente y cambio climático



Remata a segunda fase de consultas sobre o borrador da Observación Xeral N.º 26

Miles de nenos, nenas, xoves e adultos participaron nas consultas do borrador da Observación Xeral N.º 26 que axudarán ao Comité a que a versión final reflicta as opinións e ideas das partes interesadas, incluídas as opinións dos nenos, nenas e os/as xoves. [+máis](#)



Infancia e pobreza, proceso de participación infantil

A Plataforma de Organizacións da Infancia Galega (POIG) presenta un proceso participativo no que lle pregunta os xoves a súa perspectiva sobre a pobreza.

O prazo para anotarse remata o 30 de setembro. Despois diso, celebrarán unha reunión telemática para resolver dúbidas, e de xuño a outubro realizaranse as actividades. Cara final de ano presentarán un informe das conclusións.

Preme [aquí](#) para anotarte.



Este é un dos proxectos que desenvolve a asociación “**Cidades que camiñan**”, unha entidade de carácter internacional que agrupa distintos concellos e administracións que pretenden que os viandantes sexan os máximos protagonistas do espazo urbano.

[+máis](#)



**TEACHERS
OF THE
FUTURE
SPAIN**

Este é un colectivo de docentes preocupados polo estado de emerxencia climática en que estamos a vivir.


Realizan accións concretas para cambiar a xestión dos centros escolares, achegando un enfoque ECOSOCIAL e favorecendo a RECONEXIÓN coa natureza noso alumnado. Basea a súa actividade nas leis de protección á infancia e Axenda 2030.

[+máis](#)



É un movemento global que quere incentivar e multiplicar as boas accións das persoas. O obxectivo é dedicar un día en todo o mundo, este ano o 28 de novembro, a celebrar a acción de dar, xa sexan alimentos, diñeiro, tempo (voluntariado), obxectos de segunda man etc. Unirse é moi sinxelo: só necesitas ganas de facer un mundo mellor, botar unha ollada ás causas de #GivingTuesday e decidir que farás ou a quen darás.

[+máis](#)



Cibercorresponsables

Cibercorresponsables, é unha rede de xoves periodistas que nace como proxecto da Plataforma de Infancia no 2010. Unha rede de blogs e social de mozos e mozas menores de 18 anos que lle contan o mundo os seus pensamentos, sentimentos, preocupacións e todo aquilo que queren cambiar.

A finalidade é que o mundo os escoite, facilite a súa participación e ofrecer unha alternativa positiva, sa e responsable no uso das TIC. [+máis](#)



[Inicio](#) [¿Quiénes somos?](#) [Proyectos](#) [Contacto](#)

ASOCIADAS A LA TRANSFORMACIÓN LOCAL

La Federación INJUCAM somos una red de asociaciones unidas para la defensa y promoción de los derechos de la infancia y la juventud de los barrios vulnerables

Federación INJUCAM

Dende esta federación promóvese a transformación social a través do desenvolvemento de proxectos de intervención socio-educativa estables, e de contribuír á mellora das políticas que afectan á infancia e xuventude. Funciona xerando espazos de participación e aprendizaxe nos barrios, apostando polo traballo local e comunitario.

[+máis](#)



Descubre por qué en ODSporbandera.com



Pacto Mundial
Red Española

ODS POR
BANDERA

Aniversario dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

De cara o aniversario da Axenda 2030, nace este proxecto que pretende darlle visibilidade os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), por medio dunha bandeira que será alzada o 25 de setembro [+máis](#)

Experiencias noutros territorios



É unha rede de organizacións que traballan para e con a infancia e adolescencia. O obxectivo é loitar por fomentar cambios en positivo traballando de maneira estreita ca Unión Europea.

[+máis](#)



Participación infantil en Argentina

En Arxentina tamén se esta a levar a cabo un proxecto de participación infantil, cunha estrutura ben parecida a que coñecemos. Existen grupos locais de participación e teñen un Consello Estatal consultivo. [mais](#)



TOGETHER, participación infantil en Europa a través de Aldeas Infantís

Dende **Aldeas Infantís** impulsan un proxecto de participación, a través da capacitación a nenos, nenas e xoves en situación de vulnerabilidade para que poidan realizar recomendacións que garantan as súas necesidades e se teñan en conta nos procesos de toma de decisións da Unión Europea e España. [+máis](#)



Asemblea Ordinaria do CNIAC

Os/as vogais do Consello Nacional de Infancia e adolescencia de Cataluña, reuníronse para tratar os proxectos do vindeiro curso e avanzar o traballo para o 2º Congreso dos/as nenos/as e adolescentes. Ademais, de traballar no manifesto anual que realizan con motivo do 20N [+máis](#)